



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 29 DE DECEMBRO DE 2015.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarme Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela D. Celestino Valentín García Paz , D^a. M^a Jesús Vale López , D^a. Belinda Bermúdez Otero eD. Víctor Marcial Miranda Gómez.

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil quince, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 4 DE NOVEMBRO DE 2015.

Acordase aprobada por unanimidade

**2.-SOLICITUDE A PORTOS DE GALICIA DE CESIÓN DE USO DO ESPAZO LIBRE
CIRCUNDANTE AO EDIFICIO DO CASINO DE VIVEIRO**

Vista a proposta de Alcaldía para a solicitude a Portos de Galicia de cesión de uso do espazo libre circundante ao edificio do Casino de Viveiro.

Visto que a proposta foi dictaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.



Intervén a Sra. Alcaldesa para manifestar que a día de hoxe as pistas deportivas que antes tiñan a concesión do casino, son de Portos. Di que o que se propón é facer un convenio con Portos para cedelo ao Concello e poder desfrutar as pistas. Comenta que en plenos anteriores se debatira varias veces a necesidade de contar con pistas deportivas próximas ao casco histórico.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime Eduardo De Olano Vela, para manifestar que xa dixeron na Comisión Informativa que estaban dacordo, trátase de dar cumprimento a unha propostado BNG nunha moción presentada por Son Viveiro. Comenta que está ben que se cubra o déficit de pistas deportivas próximas ao casco e que logo haberá que ver en que condicións accede Portos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que a proposta viña dende o punto de vista de que as pistas do Casino estaban infrautilizadas. Así conséguese ter pistas deportivas próximas ao casco histórico sen custo aínda que haxa que arranxalas. Comenta que é importante que se humanice despois o espazo, como tirar o valado exterior. Di que se trata de recuperar zonas para o Concello.

Intervén D. Víctor Marcial Miranda, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para manifestarse a favor. Di que cando se fixo a proposta pareceulles ben xa que se aforran cartos cun entorno que xa está feito.

Intervén a Sra. Alcaldesa para manifestar que cando se falou no pleno o BNG decía de falar co Casino pero viron que era con Portos, por iso non se dirixen ao Casino senón a Portos que é o responsable.

Non existindo máis debate procédese á votación acordándose por unanimidade aprobar a proposta de Alcaldía , do seguinte xeito:

Primeiro. Solicitar de Portos de Galicia que, previa a tramitación correspondente, se proceda por parte de Portos de Galicia á cesión a favor deste Concello do uso do espazo

libre circundante ó casino de Viveiro, correspondente á parcela con referencia catastral3359101PJ1335N0002BW De resultar cedido este espazo ó Concello de Viveiro, éste faríase cargo dos gastos correspondentes ó mantemento e conservación ou mellora, previa tramitación das autorizacións pertinentes en cada suposto.

3.- ORZAMENTO XERAL PARA O 2016

Vista a proposta do Sra. Alcaldesa, D. María Loureiro García en orde á aprobación do orzamento municipal para o exercicio de 2016, bases de execución do orzamento, límite de gasto non financeiro e cadro de persoal.

Visto o dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que o orzamento sigue primando a protección social, a educación, a cultura, o deporte, o turismo, o emprego e a amortización da débeda.

Di que veñen marcados pola amortización do plan de pago a provedores que supón 1.100.000 € aproximadamente máis os xuros. Manifesta que non suben impostos e conteñen o gasto, que son os máis reais para asegurar os servizos públicos básicos.

Cumpren coa regra de gasto e estabilidade orzamentaria. Di que así o reflicten os informes de intervención, a quenes agradece o seu traballo por facer o imposible para poder presentar os orzamentos neste pleno.

Continua dicindo que ascende a máis de 13 millóns de euros, que cómpre coa capacidade de endebedamento e que o periodo medio de pago no tercer trimestre foi de 40,44 días e que se seguirá tratando de cumprir os 30 días.

Continua desglosando a subida nos ingresos nos impostos, taxas (dun 7% incluíndo aos usuarios da piscina) Di que se manteñen as políticas de promoción social e que no orzamento xeral de gastos súbese un 6% en persoal (inclúese no 2016 a paga correspondentes ao exercicio 2012, así como o a subida do 1%). Manifesta que houbo un incremento de gastos en Servizos Sociais e unha rebaixa no servizo de gardería municipal porque estaba pagando a luz o concello e correspondíalle á empresa concesionaria.

Continua a súa intervención dicindo que en promoción cultural houbo unha rebaixa duns 90000 €, que hai que reducir gastos. Di que 90.000 € son para festas de Viveiro e 50.000 € para subvencións nominativas, polo que se rebaixou e tamén en turismo.

Manifesta que en bens correntes tamén se rebaixa e que en gastos financeiros houbo un incremento dun 40% polo préstamo. No capítulo V hai 25000 para continxencias, como compra de maquinaria para obras.

Di que se incrementou nun 95% o pasivo financeiro pola débeda. E que tamén hai para a sede electrónica e xestión das sancións de tráfico.

Remata a súa intervención dicindo que se hai que ir acercando ao 75% da débeda e que considera que este é un orzamento axeitado.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para felicitar ao Servizo de Intervención polo bo traballo técnico. Di que pidiran que se lles deixara participar dun xeito activo. Sí se nos deu, aínda que precipitado.

Di que lles gustaría que para o ano 2017 se lles facilitara en setembro, que entende que este foi un ano especial polo tema da piscina. Manifesta que o día anterior na Xunta de Voceiros fixeron propostas que foron respostadas, non tendo a mesma sorte que o BNG coas súas. Propón expoñer varias cuestións unha por unha:

1.- Comenta que hai que cubrir as cinco prazas de plantilla vacantes da Policía Local, que hai unha proposta pedente de facerse efectiva. Pregunta se se van cubrir ou non, xa que non hai incremento orzamentario.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que contestará ao final.

2.- Pregunta pola cobertura da praza de electricista, xa que manifesta que é necesaria a súa cobertura e figura na RP.T., polo que non suporía ningún incremento nin económico nin de plantilla.



3.-Baixada do IBI para o 2017. Intervén para dicir respecto a este tema que se dixera que para 2017 se poderá estudar en tempo e forma. Di que en marzo xa o plantexaran para facer un estudo para 2016, que finalmente non se fixo e fora aprobada por unanimidade a súa baixada sempre que fora legal. Pide un compromiso real, que se comprometan a baixalo, aínda que di que é un exercicio difícil de fê.

4.- Elaboración dun Plan plurianual para das solución definitiva ás roturas das traídas de augas. Piden un compromiso de elaboración deste plan, que haxa unha partida.

5.- Manifesta referente ao plan de emprego que lle parece bo, que o levaban no programa electoral. Aínda que o orzamento de 20000 € lle parece escaso, pero que entende que como é un programa que vai empezar se queira ver como funciona.

6.-Referente á creación dunha comisión para elaborar criterios obxectivos para as subvencións. Continua dicindo que as asociacións deportivas queren ter definido co que poden contar en agosto ou setembro. Di que para telo listo para esas datas habería que comezar a elaboralo en xaneiro para telo en xullo.

7.- Dentro do apartado de Inversións, solicita a apertura do vial na Rúa dos Merlos. Di que o que día Alcaldesa, non se pode facer ata que se aprobe o plan xeral.

8.-Referente ao plan de conservación das pistas das parroquias, di que queren ter o seu plan propio, non só o da Deputación. Manifesta tamén a necesidade de crear unha partida específica para negociar coas comunidades de montes.

9.- Respecto ao tema de internet nas parroquias, di que son conscientes de que internet non chega. Que en Chavín cando Vestas trouxo a fibra óptica por exemplo puidose negociar para dotar a esa parroquia. Manifesta que non se trata de ofrecelo gratuitamente pero si de pagar por un servizo que se teña.

10.- Referente ao plan de sinalización no que se está traballando, poderían transixir.

11.-Solicita que se poña en marcha o Viveiro de empresas, xa que é unha ponte magnífica para que os emprendedores teñan locais .

Continua dicindo que non vai entrar nos incrementos de produtividade que se están dando, porque se dixo que se estaba elaborando unha nova R.P.T.

Referente aos pozos de bombeo di que lles consta que se está traballando nese tema, que hai cousas básicas, como a baixada do IBI e o plan plurianual de roturas de auga.

Pide que se adquira o compromiso, se asine e se auma.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que a posición do B.N.G xa foi comentada públicamente. Di que votarán a favor manifestando que sempre serán mellorables, pero que Viveiro ten a condena da débeda e que iso suporá que cada veciño pagará 80€ pola débeda. Di que o marxe de manobra para realizar política é moi escaso e que valoran a creación do plan de emprego, que ninguén dirá de non incrementalalo.



Continúa a súa intervención dicindo que garante os servizos municipais e tamén se mantén a política deportiva e cultural. Di que o P.S.O.E aceptou unha serie de propostas do B.N.G positivas para os veciños e veciñas de Viveiro como dixo Bouza.

Comenta que outras medidas como a baixa dun 10% da taxa de licencia de apertura para fomentar a apertura de establecementos comerciais e negocios impulsando a creación de novas empresas como a bonificación do 80 % na s licencias de obra no polígono.

Continua dicindo que tamén se ten en conta a dinamización do sector da construción. (ICIO un 1,5%, a taxa 2,5%). Tamén a baixada do I.V.T.M. nun 5% para o 2017.

Di que se crearon os primeiros metros de carril bici, que era unha das propostas que levaba o B.N.G. no programa electoral.

Continua a súa intervención dicindo que neste mandato o B.N.G. vai a traballar do xeito máis constructivo posible para mellorar a vida dos veciños e veciñas. Comenta que o plan de emprego e a creación do Viveiro de empresas xa iba no programa electoral do B.N.G do ano 2011. Di que non ten problema en que a copie e pide á Sra. Alcaldesa que estudie iso. Di que o resto das do P.P como a rebaixa do IBI ata 2017 non se pode facer e no resto poden asumir as do B.N.G e apoiar.

Intervén D. Víctor Marcial Miranda, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que non comparten e denuncian a opacidade do orzamento que leva meses realizalos e en época estival entréganse co mínimo prazo legal. Di que se van aprobar ás carreiras sen tempo para pedir explicacións e con nula participación cidadá e que nin se colgaron na web.

Di que pagan o mesmo os que máis teñen que os que menos e que pasa igual cos bancos, coa taxa que se aprobou.

Continua dicindo que a aportación á promoción cultural é de 300.000€. Que son 300.000 € para promoción de festas varias, que xa dixeron que tapan en promoción cultural o que relamente é unha inversión en festas. Di que se reduce o ingreso por matrículas e que a inversión e axudas, becas é moi pouca, de 33000€.

Di que non hai partida para obras de reparación de saneamento, cos km. de tubería de fibrocemento que hai, sería necesario prever un orzamento para reparacións e que tampouco se contemplan convenios coas Comunidades de Montes. Di que é necesaria unha maior previsión e evitar sorpresas como a de 2014 coa débeda de Aquagest.

Intervén a Sra. Alcaldesa para respostar ás cuestións formuladas polos concelleiros nas súas intervencións neste punto.

No tocante á primeira cuestión di que tiñan presupostada unha e existe a posibilidade de facela efectiva, di que a intención é sacala.

Referente ao punto dous, a praza de electricista aínda non se puido sacar, farase cando sexa posible.

Manifesta respecto da baixada do IBI para o ano 2017 que a interventora dixo que non era posible polo plan de axuste.

Intervén a Interventora Municipal para dicir que no referente á subida do IBI xa se comentaba que o plan de axuste establece o 0.81 e que ata agora estabamos no 0.792. Di que este ano volve ao tipo da ordenanza que é do 0.72, que xa se está por debaixo do plan de axuste. Refire que hai unha actualización de valores e que se se permítise rebaixalo algo non haberá informe en contra, senón non se podería, habería que ver o padrón do 2016.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir referente ao punto 4, que para facer un plan ten que haber un orzamento e que se compromete a atender as subvencións das distintas asociacións pero que é necesario un orzamento.

Referente ao plan de emprego manifesta que lle gustaría dotalo dunha partida maior, pero que é a primeira vez e esperan ver como funciona e esperan que para o 2017 se poda incrementar.

Di que respecto ao punto 7, as comisións non ten problema en facelo en xaneiro.

No punto 8 referido ao Viveiro de empresas di que para poñelo en marcha é necesario un local, e que o centro comarcal aínda non está cedido ao concello, que se saben dalgún local poden facerllo saber.

Respecto ao punto 9 a Sra. Alcaldesa di que todas as parroquias dispoñen de wifi, que se internet vai máis lento non é competencia do concello nin responsabilidade pero que, de tódolos xeitos, tratarase de solventar.

Referente ao punto 10 das pistas forestais, di que houbo nun pleno unha porposta de SON Viveiro para reunirse coa Comisión de Montes, e que se arranxaron máis pistas que nunca e que se se fai un plan se mostrar partidaria.

Continúa a súa intervención dicindo que as medidas do B.N.G son factibles e coherentes, realistas co orzamento que presenta o equipo de goberno e en beneficio dos veciños. Manifesta a súa gratitude polo apoio.

Entende que SON VIVEIRO necesite máis tempo, pero que non se trata de opacidade, xa que nas comisións informativas puido preguntar o que estimou oportuno e nas mesmas estaba a interventora. Comenta tamén que na comisión de voceiros non se fixeron preguntas sobre o tema..

Referente ao tema do conservatorio di que o goberno municipal levou unha moción para que a Xunta o asumise que foi aprobada por unanimidade e que levaba dous anos solicitando ser recibida na Xunta, para finalmente ser recibida polo Secretario de Educación. Conclúe dicindo que se quere que o pechen que o propoñan. Manifesta que o goberno municipal xa propuxo medidas, por escrito, que non é un gasto senón unha inversión, xa que son 700000 € para invertir noutra cousa.

Intervén o Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que os orzamentos non estaban rematados hai tempo, que en setembro se mandaron as liñas xerais, que se se pide no rexistro xeral pode verse a documentación que se queira. Di que acabaron de confeccionarse o 16 de decembro e o día 17 déronse a SON VIVEIRO, ao P.P e ao B.N.G. Admite que se diga que foi pouco o tempo para revisalos pero que todo é mellorable.

Referente á declaración de que os que teñen poucos recursos teñen que contribuir igual que os que teñen máis, manifesta que o concello non ten potestade para decidir isto, que as taxas municipais están rexidas por leis superiores.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que queda como estaba.

Di que na baixada do IBI van facer como en marzo, cita á interventora para dicir que no 2016 van ter opción de poder baixalo, salvo que o informe de intervención diga o contrario, se é posible poder baixalo comprométese a facelo.



No plan plurianual comprométese a elaboralo e dotalo.

Pregunta se se vai ter unha partida para negociar coas comunidades de montes.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que na baixada do IBI todos están adordo en que se se poda se faga. Ninguén está a favor de subilos ou mantelos se se pode baixar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que parece que queren buscar un pretexto para non apoialos, que xa contestou, que se se pode baixar e intervención o permite se fará, que a día de hoxe non se pode.

Referente ás partidas específicas di que será para o 2017, pero que non pida maior compromiso porque non sabe cal vai ser a situación nesa data.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para recordarlle a Bernardo Fraga as súas palabras referentes “á condea que supón o plan de pago a provedores” e pregunta se as empresas que cobraron grazas a el consideran que é condea ou bendición.

Continúa dicindo que as aportacións do B.N.G eran boas, que as comparte, peor que tamén as que plantea o P.P. o son, fundamentalmente para os veciños. Búscase dinamizar o Concello de Viveiro. Cita o Viveiro de empresas, que se o levaba no 2011 no programa elcetoral o B.N.G o P.P. xa o levaba no 2007.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que co termo condea se refire a que existe unha débeda herdada dunha mala xestión anterior, ata o 2003 ascendía a dez millóns de euros e con posterioridade de cinco millóns. Diq ue cobraron eso , que é unha boa nova, que agora é o momento de mirar para adiante, pagala, afrontala e non agochar a cabeza. Remata dicindo que non é unha condea o plan, senón unha débeda.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, integrante do Grupo Mixto, para dicir que a débeda é unha condea pero tamén non buscar unha medida para recaudar. Di que o seu grupo fixo unha proposta para recaudar aos caixeiros e non se executou.

Intervén o concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que moción de SON VIVEIRO pedía unha taxa de 3000 € por entidade e que el ten o importe das taxas de varios concellos que ascenden a unha media de 500 €por caixeiro e ano. Di que ne Viveiro na rúa hai aproximadamente 8 caixeiros, o que suporía unha media de 5000€.

Di que hai varias ordenanzas para modificar e unha delas é a de caixeiros automáticos e outra para regular o comportamento dos donos dos cans.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, integrante do Grupo Mixto, para dicir que lle vai mandar outros exemplos de concellos que teñen aprobada a taxa de máis de 3000€.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación da proposta da Alcaldía de aprobar o orzamento municipal para o exercicio 2016, a plantilla de persoal e as bases de execución do orzamento, con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e 6 votos en contra correspondentes ó Grupo Municipal do P.P. e ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, do seguinte xeito:



Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral ou consolidado que ascende a 13.317.276,26 € en ingresos e 13.296.638,57 € en gastos para o exercicio 2016, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, integrado polo do propio Concello que ascende a 13.174.068,03 € en ingresos e gastos, e integra os ingresos e gastos da empresa municipal Turviveiro, S.L., disolta con efectos do 1 de decembro de 2015, e o prorrogado da empresa Aparcamientos de A Mariña, S.L. que ascende a 143.208,23 € en ingresos e 137.570,54 € en gastos, có seguinte resumen:

INGRESOS

C.	DENOMINACIÓN	AYUNTAM	APAR. DE A MARIÑA, S.L.	TRANS F. INTER NAS	CONSOLID AC.
1º	Impuestos Directos	4.980.088,71	0		4.980.088,71
2º	Impuestos Indirectos	65.000,00	0		65.000,00
3º	Tasas y otro Ingresos	3.811.077,11	28.000,00		3.839.077,11
4º	Transferencias Corrientes	4.247.184,06	28.208,23		4.275.392,29
5º	Ingreso Patrimoniales	53.051,55	77.000,00		130.051,55
6º	Enajenación de Inversiones Reales	0	10.000,00		10.000,00
7º	Transferencias de Capital	17.666,60	0		17.666,60
8º	Activos Financieros	0	0		0,00
9º	Pasivos Financieros	0	0		0,00
TOTAL		13.174.068,03	143.208,23	0,00	13.317.276,26

GASTOS

1º	Gastos de personal	5.223.415,45	106.069,00		5.329.484,45
2º	Gastos en bienes corrientes y servicios	5.874.903,96	31.451,54		5.906.355,50
3º	Gastos Financieros	151.709,03	50		151.759,03
4º	Transferencias Corrientes	474.731,00	0	15.000,00	459.731,00
5º	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	25.000,00	0		25.000,00
6º	Inversiones Reales	307.801,00	0		307.801,00
7º	Transferencia de Capital	0	0		0,00
8º	Activos Financieros	0	0		0,00
9º	Pasivos Financieros	1.116.507,59	0		1.116.507,59
TOTAL		13.174.068,03	137.570,54	15.000,00	13.296.638,57



Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal comprensiva de tódolos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do Orzamento. O presente Anexo de Persoal foi confeccionado a partir do Convenio Colectivo do persoal Laboral e do Acordo Marco do persoal funcionario do Concello de Viveiro vixentes.

Cuarto.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2016 ascendente a 12.398.122,36 € e a masa salarial do persoal laboral ascendente a 2.563.045,86 €.

Quinto.- Dación de conta do Anexo de Inversións do 2016.

Sexto.- Expoñer ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sétimo.- Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004 e artigo 15.3 da Orden FAP/2105/2012, de 1 de outubro.

4.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº37 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA PISCINA CLIMATIZADA DE VIVEIRO

Vista a proposta do Sra. Acaldesa, D. María Loureiro Gracia en orde á modificación da Ordenanza fiscal Nº 37 reguladora da taxa pola prestación de servizos na piscina climatizada de Viveiro.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facena.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para propoñer a actualización nos prezos da piscina, agora que non será necesario pagar IVA, os usuarios van pagar practicamente o mesmo. Redondeouse á baixa.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o cidadán vai seguir pagando o mesmo a pesar de que non hai que pagar IVA. Manifesta que o incremento de ingresos ten que ir para captar usuarios, que están convencidos que se vai ver que funciona. Di que están en contra de subir taxas, aínda que se manteñan o cidadá non se ve beneficiado.



Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que non se incrementou o que pagan os usuarios, que piden unha mellor xestión, e que unha vez se empece a funcionar poderase analizar unha baixa das taxas, adaptándose ao prezo de mercado previo estudo e análise.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que lle parece lóxico que non se teñan en conta os ingresos de cada usuario para pagar.

Intervén o concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que dado que os dous grupos votaron en contra do sistema de xestión directa, rectifica e di que Son Viveiro votou a favor. Comenta que se fan a rebaixa que di Bouza terían que poñer máis diñeiro. Di que hai servizos que son obrigatorios pero que a piscina non o é para un concello de menos de 20000 habitantes. Como di Bouza todo é mellorable, e di que no último mes hai na piscina 1100 abonados, que se está a traballar en campañas de captación de novos socios, como persoas que se desprazaban a piscinas de concellos limítrofes. Manifesta que a comparativa se ten que facer entre piscinas de circunstancias similares, que non é o caso de Xove.

Continúa pedindo un pouco de tempo, unha marxe de confianza para ver como vai o déficit cara ao 2017 no servizo. Non haberá problema en baixalo.

Manifesta a importancia do servizo de piscina, igual que o conservatorio, xa que Viveiro sempre foi cuna de artistas e iso hai que mantelo. Di que a intención é que outra Administración s'efaga cargo de parte do custo do Conservatorio.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que co conservatorio non o pon en dúbida, que quedou clara a postura do seu grupo. Di que na piscina os números contan, que había unha mala xestión e un mal funcionamento, que son conscientes de que non é doado.

para responder a Jesús Fdez que a piscina non é un servizo obrigatorio pero si imprescindible.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que cada un ten que pagar o servizo na súa capacidade, non se pode comparar un desempregado cunha persoa activa, por exemplo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que oxalá todos os usuarios poideran ir gratis, pero que a realidade é máis complexa.

Non existindo máis debate procedese á votación, acordándose a aprobación da proposta da Alcaldía, con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e 6 votos en contra correspondentes ó Grupo Municipal do P.P. e ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, do seguinte xeito:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanzas nº 37 reguladora da taxa pola prestación de servizos na Piscina climatizada de Viveiro.

2.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e demais trámites que sexan de aplicación, entrando en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva.



5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº8 REGULADORA DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Por unanimidade dos presentes acórdase tratar conxuntamente este punto co punto 6 da presente orde do día.

Vista a proposta do Sra. Alcadesa, D. María Loureiro Gracia en orde á modificación da Ordenanza fiscal Nº8 reguladora do saneamento e depuración de augas residuais.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que foi revisada no 2014 con efectos do 1 de xullo e segundo contrato a fórmula era o IPC.

Di que a de distribución de auga se trata no punto 6, e que a outra non se revisou dende 2012. Aumentou o 2,6% e a outra baixaba o 0,9% e que isto é o que influirá nos recibos da auga.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que hai que dar cumprimento á lei, así que se mostra favorable á aprobación de ambas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo, para manifestarse a favor xa que hai que cumprir a lei.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, para dicir que sabendo que é un incremento legal non están dacordo porque a empresa non cumpre co contrato. Di que no caso dos enganches Viaqua ínstalos a actualizalas e que se debe instar á empresa a que cumpra co acordado.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación da proposta da Alcaldía, con 16 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e P.P. e 1 voto en contra correspondente ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, do seguinte xeito:

1.-Aprobar provisionalmente a modificación das tarifas das ordenanzas nº 8 reguladora da taxa do saneamento e depuración de augas residuais e nº 17 reguladora da taxa de distribución da auga incluído os dereitos de enganche, colocación e uso de contadores.

2.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e demais trámites que sexan de aplicación, entrando en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva



6.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº17 REGULADORA DA DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUINDO OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E USO DE CONTADORES.

Vista a proposta do Sra. Alcaldesa, D. María Loureiro García en orde á modificación da Ordenanza fiscal Nº 17 reguladora do saneamento e depuración de augas residuais.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Resultando que o debate deste punto se realizou de forma conxunta co punto anterior.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación da proposta da Alcaldía, con 16 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e P.P. e 1 votos en contra correspondente ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto do seguinte xeito:

1.-Aprobar provisionalmente a modificación das tarifas das ordenanzas nº 8 reguladora da taxa do saneamento e depuración de augas residuais e nº 17 reguladora da taxa de distribución da auga incluído os dereitos de enganche, colocación e uso de contadores.

2.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e demais trámites que sexan de aplicación, entrando en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva

7.-RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA DA EMPRESA TURVIVEIRO S.L. CON ABANCA E ACEPTACIÓN DA QUITA

Vista a proposta de Alcaldía para o recoñecemento da débeda da empresa Turviveiro S.L. con ABANCA e aceptación de quita, resultando finalmente a asunción dunha débeda por importe total de 298.000,00 euros.

Visto o informe favorable de Intervención Municipal no que se manifesta que existe consignación adecuada e suficiente na aplicación 0110.913 do vixente orzamento polo importe de 198.667 €, e deberá adoptarse o compromiso de dotar no orzamento 2016 ou no prorrogado, a cantidade de 99.333 € na aplicación 0110.913, sendo posible aboar o importe de 298.000 € antes do 31 de marzo de 2016, logo da operación de tesourería para o ano 2016 similar a do ano 2015.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén a Sra. Alcaldesa para proceder á apertura do debate, dándolle a palabra en primeiro lugar ó Concelleiro de Facenda.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que a operación de crédito de Turviveiro ven dende o ano 2006 por 280.000 € de ABanca. Di que non foi renovada, que non houbo practicamente reclamacións por parte da entidade ata hai pouco.



Di que en data 6 de maio de 2015 presentaba un saldo deudor duns 600.000 €. Manifesta que despois de varias entrevistas con el e coa interventora fan unha quita duns 300.000 €. Di que hai que pagar 298.000€. Destes, 198.000 estaban previstos no 2015 e o resto no 2016. Continua a súa intervención dicindo que se pode abonar todo xunto antes do 31/03/2016.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o Partido Popular sempre está a favor de pagar as débedas e que neste caso lle parece sorprendente todo, quen pide o préstamo e quen o concede. Di que é unha boa operación porque a quita é importante e que esperan que sexa a cambio de nada.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo que manifesta a súa sorpresa dende o inicio ata o fin en todo o relativo con Turviveiro. Di que é moi boa a noticia. Manifestase a favor, xa que non queda outra que hai que pagar.

Intervén o concelleiro de Son Viveiro, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, integrante do Grupo Mixto, para dicir que se manifesta a favor.

Non existindo máis debate acórdase por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro. –Recoñecer a débeda da empresa Turviveiro S.L. disolta o 01/12/2015, a favor de ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., (ABANCA), nas seguintes anualidades:

2015.....	198.667 €
2016.....	99.333 €

Aboar antes do día 31/03/2016 a cantidade de 298.000 €, aceptando a quita correspondente a dita data, quedando cancelada a débeda na súa totalidade.

Segundo.-Facultar á Sra. Alcaldesa para a firma de cantos documentos sexan necesarios en orden a facilitar a execución dos acordos adoptados.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo a ABANCA e o servizo de intervención e tesourería municipal aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:45 horas do día 29 de decembro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A SECRETARIA